

4 de xullo de 2016 – Revista 1079



xuventude.net

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACIÓN / 6

BOLSAS E AXUDAS / 8

PREMIOS E CONCURSOS / 13

NOVAS DE EMPREGO / 15

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX / 22

EN PORTADA

EN PORTADA

A directora xeral de Xuventude recibe a 24 mozos e mozas que participan no programa "Dinamizando Galicia" mediante o cal realizarán prácticas en países europeos

Mercres, 29 Xuño 2016 16:11



- Teñen idades comprendidas entre os 18 e 30 anos e son recén titulados en ciclos medios de formación profesional e nos cursos de formación ocupacional, accións formativas e programas de cualificación profesional inicial
- O proxecto DIGAL, aprobado ao abeiro do programa Erasmus +, conta para o 2015 e 2016 cun orzamento de 277.135 euros e inclúe un total de 56 prazas
- Cecilia Vázquez destacou que "este tipo de iniciativas teñen como finalidade apoiar a formación da mocidade galega mediante a mellora da súa empregabilidade, favorecendo a adquisición de novos coñecementos

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, reuniuse hoxe cos 24 mozos e mozas que participan no segundo grupo de envío do proxecto "Dinamizando Galicia" (DIGAL). Ao abeiro deste proxecto, 20 rapaces e rapazas xa realizaron prácticas laborais non retribuídas durante 60 días nas localidades de Praga (República Checa), Cork (Irlanda), Arezzo (Italia) e Braga (Portugal).

Trátase de 9 mozas e 11 mozos con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos recén titulados en ciclos medios de formación profesional e nos cursos de formación ocupacional, accións formativas e programas de cualificación profesional inicial. Concretamente, neste segundo grupo de envío participaron mozos e mozas do IES Lamas de Abade de Santiago, o CFO Viveiro, UAF Ames, UAF Negreira, CFEA Guísamo, CFEA Sergude, CFO Lugo, IES A Pinguela e CFI COIA de Vigo. As prácticas tiveron lugar nos sectores tecnolóxico, creación e xestión de empresas, xestión administrativa e contable; xardinería e floraría, aproveitamento e conservación do medio, traballos forestais e produción agropecuaria.

Así mesmo nesta xornada de traballo participaron os 4 mozos do IES da Pinguela que iniciarán as súas prácticas laborais a mediados do mes de xullo, dous en Italia e dous en Portugal. Neste caso, as prácticas terán lugar no sector de xestión administrativa.

O proxecto DIGAL, aprobado ao abeiro do programa Erasmus +, conta para o 2015 e 2016 cun orzamento de 277.135 euros e inclúe un total de 56 prazas para as dúas anualidades para a realización de prácticas laborais non retribuídas durante 60 días en cinco países europeos: 15 en Portugal, 15 en Italia, 10 en Irlanda, 10 en República Checa e 6 en Francia. A bolsa cubre os gastos de aloxamento, curso de preparación cultural e lingüística, seguro de responsabilidade civil, unha axuda para os gastos da viaxe e para os gastos de manutención.

Na súa intervención, Cecilia Vázquez destacou que "este tipo de iniciativas teñen como finalidade apoiar a formación da mocidade galega mediante a mellora da súa empregabilidade, favorecendo a adquisición de novos coñecementos, habilidades, capacidades e cualificacións para facilitar a súa inclusión no mercado de traballo, de xeito que poidan constatar unha práctica formativa no estranxeiro como parte do currículo". Con estas mobilidades se intenta dotar á comunidade de profesionais con coñecementos non só das habilidades propiamente da súa titulación, senón tamén que coñezan o funcionamento do mundo empresarial internacional e á súa vez adquiran o dominio de idiomas estranxeiros.

Ademais de ampliar o currículo laboral dos participantes, estes programas tamén facilitan mellorar as competencias idiomáticas, que se poida coñecer outra organización do traballo, detectar novos sectores empresariais para implantar en Galicia, así como novas posibilidades de internacionalización para empresas galegas.

[XUVENTUDE](#)

Xunta de Galicia, empresarios e universidades danse cita no terceiro foro de participación "Talento Xove" de desenvolvemento das capacidades dos mozos e mozas galegos

Xoves, 30 Xuño 2016 10:45

- A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, explicou que o encontro, celebrado en Vigo, busca "recoller a opinión e as ideas dos principais axentes que traballan coa xuventude en Galicia, aos efectos de analizar as necesidades, descubrir as oportunidades e propiciar un intercambio de coñecementos"

A Consellería de Política Social continua coas reunións de traballo dos foros de participación "Talento Xove", unha nova iniciativa que ten por obxecto poñer en valor e favorecer o desenvolvemento das destrezas e capacidades dos mozos e mozas galegos. A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, mantivo hoxe na Delegación Territorial da Xunta en Vigo un encontro con representantes de diferentes institucións e entidades que participan nas políticas de xuventude.

Esta foi a terceira das xuntanzas que realizará Cecilia Vázquez nas catro provincias galegas no marco desta iniciativa para avaliar cos axentes implicados as posibilidades de desenvolvemento dos talentos da mocidade. Así, nestas reunións están convidados a participar asociacións de empresarios, representantes de universidades, técnicos de xuventude doutras administracións e directivos de selección de persoal de empresas.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, explicou que o que se pretende con estes encontros é "recoller a opinión e as ideas dos principais axentes que traballan coa xuventude en Galicia, aos efectos de analizar as necesidades, descubrir as oportunidades e propiciar un intercambio de coñecementos".

Estas reunións de traballo de "Talento Xove" terán unha duración de hora e media, durante a que se analizará e reflexionará dende diferentes puntos de vista sobre como o talento da nosa xuventude pode reverter no tecido empresarial galego.

ÚLTIMAS PRAZAS NOS CAMPOS DE TRABALLO

Venres, 01 Xullo 2016 10:48

- **Campos de traballo. Informe sobre o estado das prazas**

- **A CORUÑA**

<u>Código</u>	<u>Campo</u>	
150001	Monte da Espenuca	5
150002	Horta do Muíño	3
150003	Aldea do Couto	2
150004	O Pico Sacro	6
150005	Dunas de Corrubedo	2
150006	Castro de Socastro	1
150007	Parque do Pasatempo	3
150008	Igualdade e medio rural no concello de Curtis	2
150009	Bradoso-Acheiro	5
150010	Vedra	6

- **LUGO**

<u>Código</u>	<u>Campo</u>	
270001	O Courel	3
270002	Rota do Románico	2
270003	Castelo de Novaes	2
270004	Casa Neveira	3
270005	Castromaior	8
270006	Quintá de Cancelada	1

- **OURENSE**

<u>Código</u>	<u>Campo</u>	
320001	A Peroxa	5

320002	Un rural para tod@s	5
320003	Vilamarín	6
320004	Muíños de Torrente	3
320005	Audiovisual Galego	2
PONTEVEDRA		
<u>Código</u> <u>Campo</u>		
360001	Emprendemento verde no rural	5

As fichas informativas dos campos de traballo pódelas consultar [aquí](#)

O prezo dos campos é de 110€. Aos posuidores do carné xove ou carné de familia numerosa aplicaráselles un desconto do 25%.

A inscrición farase chamando aos teléfonos 981 544 838 – 981 957 115.

EN PORTADA

NOVAS E ACTIVIDADES

VII Curso de formación para informadores/as de oficinas de turismo e guías

Mercres, 29 Xuño 2016 06:37

[VII Curso de formación para informadores/as de oficinas de turismo e guías](#)

Data de inicio: Luns, 11 de xullo de 2016

Data de remate: Venres, 15 de xullo de 2016

Cidade: A Veiga (Ourense)

Ubicación: Biblioteca do Concello da Veiga (Rúa Nova, s/n, 32360 A Veiga)

Organización: Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR)

Descrición:

Cunha carga lectiva de 50 horas, o Centro de Estudos e Investigacións Turísticas da USC (CETUR) organiza o VII Curso de Formación para Informadores/as de Oficinas de Turismo e Guías que se desenvolverá en xornadas intensivas de 9:30 a 14:30 e de 16:00 a 21:00 en cinco días consecutivos do 11 ao 15 de xullo na Veiga (Ourense). Este formato posibilitará, a diferenza de edicións anteriores, concentrar nunha única semana o curso e, sobre todo, o desenvolvemento de 15 h de sesións prácticas nas Montañas de Trevinca que se deseñan para pór en práctica as habilidades acadadas nas aulas.

As persoas inscritas recibirán o correspondente certificado, homologado pola Xunta de Galicia, para o que é obrigatorio asistir como mínimo ao 85% das horas programadas.

ctur@usc.es

Teléfono de contacto : 881 816 339

Máis información: http://www.usc.es/gl/congresos/congresos/2016/congreso_0012.html

VII Congreso Nacional e II Internacional de Aprendizaxe-Servizo Universitario

Mercres, 29 Xuño 2016 07:14

VII Congreso Nacional e II Internacional de Aprendizaxe-Servizo Universitario

Data de inicio: Xoves, 13 de outubro de 2016

Data de remate: Sábado, 15 de outubro de 2016

Lugar: Cidade de Santiago de Compostela

Localización: Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida)

Organización: Grupo de Investigación ESCULCA-USC

Descrición:

Os días 13, 14 e 15 de outubro de 2016 celebrarase en Santiago de Compostela o VII Congreso Nacional e II Internacional de Aprendizaxe-Servizo Universitario.

Os obxectivos cos que se concibe son:

- Promover o intercambio de ideas, experiencias, datos e investigacións sobre aprendizaxe-servizo en Educación Superior no contexto nacional e internacional.
- Facilitar o intercambio de información e a creación de redes de colaboración entre profesores universitarios interesados no aprendizaxe-servizo.
- Estudar as canles de institucionalización do aprendizaxe-servizo no actual marco europeo da educación superior.
- Favorecer a análise da conexión entre aprendizaxe-servizo na universidade e as administracións locais, identificando necesidades e fomentando partenariados funcionais sobre o terreo.

Destinatarios: Docentes; Investigadores/as, alumnado universitario, técnicos de organizacións e entidades socioeducativas, así como da administración local que traballan no aprendizaxe-servizo ou que estean interesados/as nesta metodoloxía.

Máis información: <http://www.usc.es/congresos/apsu7/>

congreso.apsu7@usc.es

Teléfono de contacto : 8818 13890

Prazos de admisión a ciclos formativos do curso 2016/2017

Mercres, 29 Xuño 2016 07:42



Formación Profesional

Solicitudes de admisión a ciclos formativos de FP: o prazo de presentación de solicitudes abrangue desde o 27 de xuño ata o 5 de xullo ás 13.00 horas.

[Admisión a ciclos formativos de grao medio](#)

[Admisión a ciclos formativos de grao superior](#)

Calendario de admisión: http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/6631

Información xeral de admisión: <http://www.edu.xunta.es/fp/informacion-xeral/>

Festas de interés turístico en Galicia no Verán

Xoves, 30 Xuño 2016 08:29



[Festas de interés turístico en Galicia no Verán](#)

Programa Emega: fomento do emprendemento feminino en Galicia

Venres, 01 Xullo 2016 07:40



O programa Emega comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres, xunto con medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como para ter acceso a servizos específicos de acompañamento, asesoramento e titorización co obxecto de facilitar a implantación e a consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres.

Liñas e axudas complementarias:

Liña Emprende: liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea. *Incentivos desde 12.000 € ata 22.000 €.*

Liña Innova: liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade en empresas constituídas por mulleres, e que impliquen a creación de emprego feminino vinculado ao proxecto de mellora. *Incentivos desde 15.000 € ata 22.000 €.*

Liña Activa: liña de axudas económicas mediante incentivos para favorecer a reactivación e consolidación de empresas constituídas por mulleres, a través de medidas de renovación, implantación, ampliación ou cambio de localización da actividade dirixidas a paliar unha situación económica adversa, e que resulten necesarias para o mantemento do emprego por conta propia e por conta allea, así como para acadar o necesario equilibrio empresarial e asegurar a súa pervivencia e consolidación no actual contexto económico. As ditas medidas, en ningún caso, poderán supor destrución do emprego existente por conta propia e allea. *Incentivos desde 6.000 € ata 18.000 €.*

Liña ITEF: liña de axudas económicas mediante incentivos para impulsar a implantación de iniciativas empresariais de carácter innovador, con contido científico ou con base tecnolóxica, promovidas por mulleres e que supoñan a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea. *Incentivos desde 18.000 € ata 50.000 €.*

Concilia: axuda complementaria das liñas Emprende, Innova, Activa e ITEF para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, nas súas dúas modalidades: Concilia-promotoras e Concilia-persoas traballadoras por conta allea. *Concilia-promotoras: incentivo de 3.000 €. Concilia-persoas traballadoras por conta allea: incentivo de 1.000 € a 5.000 €.*

Dual: axuda complementaria para incentivar a participación no programa de titurización que estableza a Secretaría Xeral da Igualdade co obxecto de facilitar a implantación e consolidación dos proxectos empresariais subvencionados ao abeiro desta convocatoria a través das liñas Emprende, Activa, Innova ou ITEF. *Incentivo de 500 €.*

Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das axudas do programa Emega as empresas privadas formadas por mulleres que inicien a súa actividade económica ou formalicen os seus plans Innova ou Activa no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 1 de agosto de 2016.

O prazo para presentar solicitudes estrá aberto ata o 1 de agosto de 2016

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento S1429A

Máis información no [DOG do 1 de xullo de 2016](#) e en <http://igualdade.xunta.gal/>

Este verán: LIBROS!!!

Venres, 01 Xullo 2016 09:40



Gústache ler? Poñemos a túa disposición unha listaxe de libros recomendados polo alumnado que participou durante este curso no programa [Correspondentes Xuvenís 3.0](#)

[Libros recomendados polo alumnado Correspondente Xuvenil](#)

ÁGORA SEGURIDADE VIARIA

Venres, 01 Xullo 2016 10:39

Ágora Seguridade Viaria é un dos foros de participación xuvenil que organiza a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, no marco do programa Ágora Xove. Terá lugar a mañá do sábado 9 de xullo de 2016, na pista da Escola de Condución e Transporte Galicia situada no Concello de Curtis.



O obxectivo deste foro é concienciar aos mozos/as participantes da importancia que ten adquirir hábitos de condución segura.

A través dun conxunto de actividades de carácter teórico e práctico, os/as participantes poderán aprender a manexar o vehículo e saír indemnes nos momentos límite, mellorando a súa técnica ao volante e axudándolles a reaccionar ante imprevistos que poidan atopase na estrada.

Lugar de celebración.

Pista da Escola de Condución e Transporte Galicia

Parcela de estacionamento norte do Polígono Industrial Curtis-Teixeiro

Carretera N-634, 15310, Teixeiro (Curtis)

Data de celebración.

Sábado, 9 de xullo de 2016

Programa.

9:00h. Recepción de participantes.

9:30h. Curso práctico de técnicas de condución segura.

13:15h. Finalización das actividades prácticas.

13:30h. Mesa redonda: "A necesidade da condución segura"

• Maikel Vilarifo Vilas, piloto profesinal e formador de automovilismo deportivo.

• Juan Gutiérrez Mosquera, educador en Seguridade Viaria

• Representante da Garda Civil de Tráfico.

14:30h. Acto de clausura

• Cecilia Vázquez Suárez, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

• Javier Francisco Cainzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis.

Inscrición.

A actividade é de carácter gratuito.

Os participantes terán que estar en posesión do carné de conducir clase B.

O número de prazas é limitado polo que se cubrirán por estricto orde de inscrición.

[Inscripcións aquí](#)

Galeuropa 2016. Convocatorias de mobilidade das entidades beneficiarias.

Venres, 01 Xullo 2016 14:23



Mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa 2016. Estrato das convocatorias de mobilidade das entidades sen ánimo de lucro beneficiarias (Procedemento BS324B).

Con data de 1 de xullo de 2016 ven de publicarse a información sobre as convocatorias de mobilidade que xestionan as entidades sen ánimo de lucro beneficiarias do programa Galeuropa 2016 e que poden ser consultada no seguinte enlace:

[GALEUROP 2016](#)

NOVAS FORMACIÓN

CURSOS DA DXXV

VII Congreso Nacional e II Internacional de Aprendizaxe-Servizo Universitario

Mercres, 29 Xuño 2016 11:21

Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida), Santiago de Compostela, do 13 ao 15 de outubro de 2016
Organiza: Grupo de Investigación ESCULCA-USC
Máis información: http://www.usc.es/ql/congresos/congresos/2016/congreso_0007.html

9th European Conference on Pesticides and Related Organic Micropollutants in the Environment & 15th

Mercres, 29 Xuño 2016 11:22

Facultade de Medicina, Santiago de Compostela, do 04 ao 07 de outubro de 2016
Organiza: INGACAL (Xunta de Galicia) & USC
Máis información: http://www.usc.es/ql/congresos/congresos/2016/congreso_0014.html

VIII Encontro Ibérico de Historia da Educación. A Historia da Educación hoxe: retos, interrogantes

Mercres, 29 Xuño 2016 11:24

Casa do Saber e Gran Hotel de Lugo, Lugo, do 08 ao 10 de setembro de 2016
Organiza: Sociedad Española de Historia de la Educación e USC
Máis información: <http://www.usc.es/es/congresos/citurdes/index.html>

NOVAS FORMACIÓN

OUTROS CURSOS

Formación Cruz Vermella 2016- Formación prácticas profesionais en empresas

Martes, 28 Xuño 2016 07:27



COMERCIO (150 hras formativas e 270 hrs. prácticas)

O proxecto ten como obxectivo achegar a mozos en situación de vulnerabilidade ao mercado laboral a través de formación teórica e práctica, para iso deseñamos un itinerario que consta de 150 horas formativas e 270 horas de prácticas en varias empresas punteiras do sector comercio galego e dará comezo a mediados do mes de xullo.

Dado que estamos a poñer en marcha o proxecto e seleccionando aos 20 participantes pedimosvos a vosa colaboración na difusión do cartel, que enviamos como arquivo adxunto, e animámosvos a que informedes os vosos usuarios. O prazo para poder participar na selección está aberto ata o próximo día 10 de xullo.

Os requisitos de participación no Proxecto Aprender Traballando-Curso de Comercio son os seguintes:

Interesados no sector Comercio e altamente motivados.

Ter entre 16 e 29 anos

Estar inscrito en Garantía Xuvenil

Para participar no proceso de selección terán que poñerse en contacto comigo na dirección que aparece na miña firma preferiblemente ao longo desta semana para poder citalos á entrevista.

Formalización da preinscripción en Cruz Vermella, rúa Cruz Roja Española, 1-2º andar, 15002 A Coruña.
981 22 10 00

VII Curso de formación para informadores/as de oficinas de turismo e guías

Mercres, 29 Xuño 2016 06:37

VII Curso de formación para informadores/as de oficinas de turismo e guías

Data de inicio: Luns, 11 de xullo de 2016

Data de remate: Venres, 15 de xullo de 2016

Cidade: A Veiga (Ourense)

Ubicación: Biblioteca do Concello da Veiga (Rúa Nova, s/n, 32360 A Veiga)

Organización: Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR)

Descrición:

Cunha carga lectiva de 50 horas, o Centro de Estudos e Investigacións Turísticas da USC (CETUR) organiza o VII Curso de Formación para Informadores/as de Oficinas de Turismo e Guías que se desenvolverá en xornadas intensivas de 9:30 a 14:30 e de 16:00 a 21:00 en cinco días consecutivos do 11 ao 15 de xullo na Veiga (Ourense). Este formato posibilitará, a diferenza de edicións anteriores, concentrar nunha única semana o curso e, sobre todo, o desenvolvemento de 15 h de sesións prácticas nas Montañas de Trevinca que se deseñan para pór en práctica as habilidades acadadas nas aulas.

As persoas inscritas recibirán o correspondente certificado, homologado pola Xunta de Galicia, para o que é obrigatorio asistir como mínimo ao 85% das horas programadas.

cetur@usc.es

Teléfono de contacto : 881 816 339

Máis información: http://www.usc.es/gl/congresos/congresos/2016/congreso_0012.html

X Citurdes. Congreso Internacional de Turismo Rural e Desenvolvementos Sustentábel

Mercres, 29 Xuño 2016 11:20

Santiago de Compostela, do 19 ao 21 de outubro de 2016

Organiza: CETUR-IDEGA, GRUPO ANTE

Máis información: <http://www.usc.es/es/congresos/citurdes/index.html>

NOVAS FORMACIÓN

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de monitor de tempo libre en Mazaricos

Mercres, 29 Xuño 2016 08:05



A Escola de tempo libre Naturmaz organiza un curso de monitor de tempo libre en Mazaricos
Teórico de 200 horas

Datas: 01 ata o 31 de agosto

Prezo: 280 euros (descontos si es parado, universitario, carné xove). Facilidades pago.

Horarios: 9:00-14:00 e 16:00-20:00 de luns a venres

Lugar: Aérodromo da Fervenza en Mazaricos

Máis información:

E.T.L. Naturmaz

<http://www.naturmaz.com/>

info@naturmaz.com

Teléfonos: 659 208 541, 610 550 524 ou 676 727 261

Curso de director tempo libre en Mazaricos

Mercres, 29 Xuño 2016 08:09

A Escola de tempo libre Naturmaz organiza un curso de director tempo libre en Mazaricos



Teórico de 150 horas

Datas: do 1 ata o 23 de agosto

horarios: 9:00-14:00 e 16:00-20:00 de luns a venres

Lugar: Aérodromo da Fervenza en Mazaricos

Máis información:

E.T.L. Naturmaz

<http://www.naturmaz.com/>

info@naturmaz.com

Teléfonos: 659 208 541, 610 550 524 ou 676 727 261

Curso de monitor de actividades de tempo libre en Cangas

Mercres, 29 Xuño 2016 08:18



A Escola de tempo libre Kalapris organiza un curso de monitor de actividades de tempo libre en Cangas

Datas: do 1 ata o 29 de xullo

horarios: 9:00-16:00 de luns a venres.

Lugar: Rúa Ferrol 3, baixo. Cangas

Máis información: Escola de tempo libre Kalapris

<https://www.facebook.com/pages/CENTRO-DE-ENSINO-SIGNOS-P%25C3%25A1gina-oficial/153767568053592>

Teléfonos: 986 303 804 e 666 708 047

Curso de monitor de actividades de tempo libre en Riveira

Mercres, 29 Xuño 2016 08:28



A Escola de tempo libre Illas Atlánticas organiza un curso de monitor de actividades de tempo libre en Riveira
Fase teórica: 200 horas
Fase práctica: 150 horas.
Datas: do 11 de xullo ata o 5 de agosto
horarios: 9:00-14:00 e de 16:00 a 21:00 de luns a venres
Lugar de Touro 1, baixo, portal 2. Riveira
Máis información: Escola de tempo libre Illas Atlánticas
<http://www.escoladasillas.com/>
Teléfonos: 630 065 790 e 630 065 890

Curso de monitor de actividades de tempo libre en Lodoselo-Sarreaus

Venres, 01 Xullo 2016 07:24



A Escola de tempo libre Limicorum organiza un curso de monitor de actividades de tempo libre en Lodoselo-Sarreaus

Datas: do 4 ao 23 de agosto
Horario intensivo: de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00
Lugar: Albergue do CDR O VISO en Lodoselo-Sarreaus
Prezo: 250 €, con xantares 330 €. Posibilidade de aloxamento.
Máis información cixdalimia@cdroviso.org
Teléfonos: 988 461 571
<http://www.cdroviso.org/>

BOLSAS E AXUDAS

CONVOCATORIA XERAL

«Propter magnare creatus»... Lingua, literatura e gastronomía entre Italia e a Península Ibérica

Mercres, 29 Xuño 2016 11:23

Facultade de Filoxía , Santiago de Compostela, do 21 ao 23 de setembro de 2016
Organiza: Área de Filoxía Italiana e Área de Filoxía Catalana
Máis información: http://www.usc.es/gl/congresos/congresos/2016/congreso_0008.html

BOLSAS E AXUDAS

FORMACIÓN PRÁCTICA

Michael Bromberg Fellowship: dúas bolsas a estudantes internacionais, British Museum (Londres)

Martes, 28 Xuño 2016 07:34

1- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

British Museum

2- DESTINATARIOS

Estudantes de todas as nacionalidades

3- DATA LÍMITE

19 de Decembro de 2016

4- MÁIS INFORMACIÓN

O programa Michael Bromberg Fellowship do Departamento de Debuxo e Estampa do British Museum ofrece dúas bolsas cunha duración de tres meses durante 2017. O obxectivo da bolsa é promover a educación mediante o estudo de debuxos, gravados e a súa historia. Os seleccionados recibirán formación práctica como internos no departamento e realizarán proxectos en colaboración co persoal do British Museum. O valor de cada bolsa será de 4.500 euros.

5- FONTE, PÁXINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

www.britishmuseum.org

Programa Internacional de Bolsas

Martes, 28 Xuño 2016 07:37

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Fundación Bayer

2.- DESTINATARIOS

Novos que queiran facer un proxecto de investigación relativo ás disciplinas científicas e médicas, en Alemaña

3.- DATA LÍMITE

18 de xullo de 2016

4.- PÁXINA WEB

<http://www.bayer-foundations.com/en/international-fellowship.aspx>

5.- MÁIS INFORMACIÓN

A Fundación Bayer ofrecen bolsas a mozas que queiran facer un proxecto de investigación relativo ás disciplinas científicas e médicas, en Alemaña, e tamén para mozos nados en Alemaña. A convocatoria destínase a estudantes ou persoas con titulación obtida nos dous últimos anos. O programa inclúe 6 tipos de bolsas: Bolsa Otto Bayer. Destinadas á área da Bioloxía, Bioloxía Molecular, Bioingeniería, Bioinformática, Química, Bioquímica, Farmacéutica e de Ciencias da Vida Computacionais; Bolsa Carl Duisburg. Centrada nos campos do Medicamento, Veterinaria, Enxeñaría Médica, Saúde pública e a Economía da Saúde; Bolsa Jeff Schell. Destinada a estudantes e mozos profesionais nos campos das Ciencias Agrícolas, Agronomía, Ciencias dos cultivos, Biotecnoloxía, Ciencias Ambientais e de Sustentabilidade; Bolsa Kurt Hansen. Para as áreas de Bioloxía e Química; Bolsa Hermann Strenger. Para carreiras da Saúde, ocupacións técnicas, científicas ou Administración de Negocios; Talentos para África. Destinada a mozos alemáns que queiran realizar un proxecto en África ou mozos africanos/as que queiran estudar, investigar ou realizar prácticas en Alemaña

300 bolsas de prácticas para universitarios con discapacidade

Mercres, 29 Xuño 2016 07:38

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Crue Universidades Españolas e Fundación ONCE

2.- DESTINATARIOS

universitarios con discapacidade

3.- DATA LÍMITE

Os interesados deberán inscribirse en www.becas-fundaciononce.com do 1 de novembro ata o 31 de decembro de 2016.

4.- PÁXINA WEB

www.becas-fundaciononce.com

5.- MÁIS INFORMACIÓN

Crue Universidades Españolas e Fundación ONCE ofrecen 300 bolsas de prácticas para universitarios con discapacidade. O programa conta coa cofinanciación do Fondo Social Europeo. A primeira convocatoria do Programa desenvolverase no curso 2016/2017 e as prácticas en empresas poderán realizarse ata o 30 de outubro de 2017. Os interesados deberán inscribirse en www.becas-fundaciononce.com do 1 de novembro ata o 31 de decembro de 2016

Bolsas de formación para titulados/as en ciclos formativos de acuicultura

Venres, 01 Xullo 2016 08:12



A Consellería do Mar convoca bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os/as titulados/as nos ciclos formativos de acuicultura; e 4 bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para a realización de prácticas de produción de cría de bivalvos

Requisitos:

titulado como técnico medio en Operacións de Cultivo Acuícolas/técnico medio en Cultivos Acuícolas e/ou técnico superior en Producción Acuícola/técnico superior en Acuicultura.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 1 de agosto de 2016

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento PE601C

Máis información no DOG do 1 de xullo de 2016 e en <https://mar.xunta.gal/>

Oportunidades de prácticas no North-South Centre do Consello Europeo

Luns, 04 Xullo 2016 07:14

1- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

North-South Centre of the Council of Europe

2- DESTINATARIOS

Os nacionais dos Estados membros do Centro Norte-Sur e / ou o Consello de Europa, que non completasen unha tempada no Consello Europeo ou calquera das súas institucións.

3- DATA LÍMITE

Primeira sesión: xaneiro 2017-xuño 2017 (data límite do 31 de outubro de 2016)

Segunda sesión: xullo 2017 a decembro 2017 (Data límite: 30 Abril 2017)

4- MÁIS INFORMACIÓN

Requisitos: a finalización da educación superior ou a terminación exitosa de polo menos tres anos de estudos universitarios; un moi bo coñecemento dun dos idiomas oficiais do Consello de Europa (Inglés e francés) e un bo coñecemento da outra; boa capacidade de redacción. O North-South Centre non ofrece prácticas remuneradas e tampouco cobre os seus alumnos para obter un seguro médico e de accidentes durante o período de prácticas. Os alumnos teñen dereito a dous días de vacacións por mes. A xornada habitual é de luns a venres de 9 am a 6 pm.

5- FONTE, PÁXINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

http://www.coe.int/t/dg4/nscentre/traineeship_en.asp

BOLSAS E AXUDAS

MOBILIDADE

Bolsas para Doutoramento en Varios Temas Universidade de Freiburg, Alemaña

Venres, 01 Xullo 2016 07:10

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Marie S. Curie FRIAS Cofund Fellowship Programme (FCFP)

2.- DESTINATARIOS

Estudantes internacionais

3.- DATA LÍMITE

15/09/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

The University of Freiburg ofrece bolsas para estudantes internacionais nos programas de investigación Marie S. Curie FRIAS Cofund Fellowship Programme (FCFP), en diferentes áreas de estudos. Os bolsiros reciben un subsidio de subsistencia, prestación por mobilidade e unha contribución de custos de investigación.

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://www.frias.uni-freiburg.de/en/routes-to-frias/cofund>

Bolsas para Doutoramento en Economía e Negocios Copenhagen Business School, Dinamarca

Venres, 01 Xullo 2016 07:11

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Copenhagen Business School

2.- DESTINATARIOS

O programa está dispoñible para estudantes de calquera nacionalidade. Copenhagen Business School conta cun amplo compromiso coa excelencia, o carácter distintivo e a pertinencia dos seus programas de ensino e de investigación. Os candidatos que desexen unirse, deben demostrar entusiasmo por traballar nunha organización deste tipo.

3.- DATA LÍMITE

31/08/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

O Departamento de Negocios e Política da Escola de Negocios de Copenhagen, convida a presentar solicitudes para unha bolsa de doutoramento dentro do ámbito global de negocios e a política. O proxecto de doutoramento debe centrarse nun dos 4 temas de investigación do Departamento: Negocio, Organización e Goberno, sociedade civil, Diñeiro e Mercados, políticas e institucións públicas. A bolsa de doutoramento execútase durante un período de 3 anos, e inclúe obrigacións docentes equivalentes a un ano de traballo 1/2 (624 horas de traballo). A bolsa inclúe a matrícula, espazo de oficina, bolsas de viaxe ademais dun soldo, a partir deste momento por mes aplicación. DKK 23.770 (aprox. ? 3.160) ata DKK 28.964 (aprox. ? 3.860) dependendo dos anos, máis unha contribución á pensión por un total de 17,1% de 85 por cento do salario baseo.

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://www.cbs.dk/en/about-cbs/jobs-cbs/vacant-positions/phd-scholarship-in-business-and-politics>

Bolsas para Pregrado en Varios Temas Tulane University, EE.UU.

Venres, 01 Xullo 2016 07:12

1.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste programa de bolsas son estudantes internacionais, con registros académicos sobresalientes. Os solicitantes deben demostrar: 650+ na parte verbal SAT 28+ no ACT 100+ no TOEFL

2.- DATA LÍMITE

15/11/2016

3.- MÁIS INFORMACIÓN

A Universidade de Tulane está a ofrecer as bolsas Global Scholarship para o ano académico 2017-2018. Estas bolsas outórganse en base aos méritos para seguir estudos de grao. Tulane University é unha universidade de investigación privada, situada en Nova Orleans, Louisiana, Estados Unidos. Orixinalmente fundada como unha escola de medicamento público en 1834, a escola converteuse nunha universidade completa en 1847.

4.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://admission.tulane.edu/international/intlscholarships.php>

Bolsas para Mestría en Administración e Negocios Manchester Metropolitan University, Reino Unido

Venres, 01 Xullo 2016 07:13

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Manchester Metropolitan University

2.- DESTINATARIOS

Para candidatas femininas, de calquera parte do mundo, sempre que cumpra os requisitos de admisión á Universidade de Manchester.

3.- DATA LÍMITE

15/07/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

A Universidade Metropolitana de Manchester quere axudar a mulleres ambiciosas e ofrecer a oportunidade de alcanzar os seus obxectivos de negocio. A Bolsa de negocios dará a oportunidade de gañar un desconto no seu prezo do curso MBA e dar o primeiro paso na súa viaxe de liderado.

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://www.business.mmu.ac.uk/mba/women-business/>

360 XOCHI QUETZAL: residencias de inverno para artistas e escritores en México

Luns, 04 Xullo 2016 07:13

1- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Deborah Kruger

2- DESTINATARIOS

Artistas de calquera nacionalidade, que superen os 23 anos e que cultiven as artes visuais, a fotografía, a literatura, a danza ou os novos medios poden presentarse a esta convocatoria.

3- DATA LÍMITE

7 de agosto de 2016

4- MÁIS INFORMACIÓN

O programa de residencia terá unha duración dun mes (do 14 de decembro de 2016 ao 13 de xaneiro de 2017) e ofrecerá aos seleccionados un espazo equipado para o seu aloxamento e para o desenvolvemento do seu proxecto (wifi, servizo doméstico semanal e 48 euros para comida). A aplicación realizarase de maneira online tal e como se establece na web da entidade convocante; para formalizala, o candidato deberá pagar un cota de 1,8 euros.

5- FONTE, PÁXINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://www.deborahkruger.com/1/art-residency.html>

Pact Zollverein Residency Programme 2017, Alemaña

Luns, 04 Xullo 2016 07:16

1- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

PACT Zollverein

2- DESTINATARIOS

Artistas profesionais (baile, performance ou media arts ou sound art)

3- DATA LÍMITE

11 de Xullo de 2016: data límite para presentarse polo período desde Xaneiro do 2017 ata Xullo de 2017.

4- MÁIS INFORMACIÓN

As residencias ofrecen aos artistas un espazo local e aloxamento. Os residentes tamén recibirán apoio técnico e asesoría coa prensa e relacións públicas e dramaturxia.

5- FONTE, PÁXINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://www.pact-zollverein.de/en/artists-centre>

Residence Support Program: 55 días de residencia en Xapón para artistas de todas as nacionalidades

Luns, 04 Xullo 2016 07:17

1- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Akiyoshidai Internacional Art Village

2- DATA LÍMITE

31 de Xullo de 2016

3- MÁIS INFORMACIÓN

O tema exposto para esta edición é The Future of This Land e o período de residencia durará 55 días (do 15 de xaneiro ao 10 de marzo de 2017). Seleccionaranse tres artistas (dous internacionais e un xaponés); serán menores de 40 anos e poderán presentarse de maneira individual ou como equipo de non máis de dous membros. Os artistas deberán ser capaces de comunicarse en inglés ou xaponés; terán que permanecer en AIAV durante o período de tempo designado; participarán en todos os programas pertinentes (estudos abertos, exposicións, etc.), así como en intercambios coa comunidade local (charlas, conferencias e programas de extensión). O programa cobre os gastos de viaxe (billetes de avión en clase económica); o aloxamento (habitación privada con baño); estudo (poderá ser compartido). Os seleccionados recibirán 1.700 euros para gastos de produción (para cada grupo) e viáticos (25 euros ao día a cada seleccionado).

4- FONTE, PÁXINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://aiav.jp/english/event/2554.html>

BOLSAS E AXUDAS

OUTRAS

Bolsa para realizar máster en sistemas ferroviarios 'Fundación Talgo - Railway Systems'

Xoves, 30 Xuño 2016 11:41

1.- CONVOCANTE

Fundación Talgo

2.- DESTINATARIOS

- Enxeñaría técnica ou superior: mecánica, eléctrica, tecnoloxías industriais.

- Inglés: nivel avanzado.

- Bo expediente académico.

3.- DATAS LÍMITE

15/09/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

Dotación: matrícula do máster + prácticas remuneradas na empresa.

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://www.talgo.com/pdf/vilanova1617.pdf>

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

"Que estás a ler?" Concurso de blogues para lectores e lectoras 2016

Martes, 28 Xuño 2016 07:47

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI) ; Fundación SM

2.- DESTINATARIOS:

- O concurso está dirixido a estudantes nados/as entre xaneiro de 1999 e decembro de 2001 (lectores e lectoras con idades comprendidas entre os 15 e 17 anos) dalgún dos países da OEI (Arxentina, Bolivia, Brasil, Colombia, Costa Rica, Cuba, Chile, República Dominicana, Ecuador, O Salvador, España, Guatemala, Guinea Ecuatorial, Honduras, México, Nicaragua, Panamá, Paraguai, Perú, Portugal, Uruguai e Venezuela).

- O concurso convoca tamén aos/as profesores/as a estimular aos seus alumnos/as a participar desde calquera ámbito do ensino: Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Lingua e Literatura, Matemáticas, Música, Artes ou Educación Física.

3.- DATA LÍMITE :

Ata o 15 de decembro de 2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN:

Para participar:

- Debes crear un blogue ou utilizar algún que xa teñas, onde poidas contar a túa experiencia como lector/a.

- Pódese facer individualmente ou en grupo.

- No blogue tes que falar das túas lecturas pero tamén podes poñelas en relación con outros moitos temas que che interesen, como o cinema, o videoxogo, o teatro, a música, a fotografía, o deseño gráfico, a pintura...

- O blogue pode estar escrito en calquera das linguas de cada país.

- Como novidade este ano, propónse a incorporación de vídeos. O tema, a duración e a técnica audiovisual son libres. O Xurado valorará a calidade do contido, a súa relación co obxectivo de Questasleyendo.org -que non é outro que a importancia da lectura nas nosas vidas-, así como a realización técnica. Ademais do premio ao mellor blogue, este ano concederáse, en cada país, unha Mención Especial aos tres mellores vídeos que estean incorporados aos blogues inscritos ao concurso de 2016.

Todos os vídeos premiados pasarán a formar parte do Ránking Iberoamericano de Questasleyendo.org. O blogue gañador de cada un dos países obterá, como premio, una Tablet

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

Inscripcións a través da páxina web. questasleyendo.org

<http://questasleyendo.org/>

LiberCine, Festival internacional de cinema sobre diversidade sexual e xénero

Martes, 28 Xuño 2016 07:50

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

LiberCine

2.- DESTINATARIOS

Poden participar películas arxentinas e estranxeiras

3.- DATA LÍMITE

30/09/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

Poden participar películas de calquera duración e xénero, cuxo contido aborde, directa ou indirectamente, a temáticas "Diversidade sexual" e "Xénero"

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://cinediversidadygenero.blogspot.com.es/p/reglamento-rules.html>

Concurso de artes visuais: FEMMINILE SINGOLARE

Martes, 28 Xuño 2016 07:55

1. ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Asociación cultural COLLETTIVO ZEROVOLUME

2. DESTINATARIOS

Artistas emerxentes, estudantes ou autodidactas internacionais, sen límite de idade e de cualificacións nin curriculum

3. DATA LÍMITE

24 de Xullo de 2016

4. MÁIS INFORMACIÓN

Feminino singular. Ser muller nun mundo plural masculino. O concurso, dirixido á promoción da arte contemporáneo italiano e internacional, implica a construción dunha exposición e a adxudicación definitiva de tres premios. A exposición das 10 obras finalistas e a premiación levará a cabo en Pietra Ligure (SV) 15 de agosto ao 22 en 2016. Para participar no concurso hai que pagar 35 euros polo traballo (10 adicionais pagaranse por cada obra posterior); é posible participar cun máximo de tres obras por candidato

5. FONTE, PÁXINA WEB Ou PERSOAS DE CONTACTO

<http://www.zerovolume.org/>

Contemporary Talents 2016

Martes, 28 Xuño 2016 08:00

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

François Schneider Foundation

2.- DESTINATARIOS

Para artistas plásticos de calquera nacionalidade

3.- DATA LÍMITE

15/12/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

O concurso está dirixido ás seguintes disciplinas das artes visuais: pintura, debuxo, escultura, instalación, fotografía e vídeo, con traballos baixo a temática da auga; o obxecto do mesmo é proporcionar unha plataforma para dar a coñecer a novos talentos

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://www.fondationfrancoisschneider.org/en/category/talents-contemporains/presentation-talents-contemporains/>

Addis Vídeo Art Festival - Festival internacional de videoarte

Martes, 28 Xuño 2016 08:25

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Addis Vídeo Art Festival

2.- DESTINATARIOS

Para artistas de calquera nacionalidade, con obras executadas no últimos tres anos

3.- DATA LÍMITE

01/08/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

Búscanse curtametraxes que aborden o tema "Love Triangle" e teñan una duración máxima de 15 minutos. Este festival desenvólvese en Adis Abeba (Etiopía)

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://www.addisvideoartfestival.net/submit.htm>

Convocatoria COMUARTE para mulleres artistas, México e España

Venres, 01 Xullo 2016 07:15

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Comuarte, Asociación española Murmurio de Sirenas

2.- DESTINATARIOS

Para mulleres, artistas visuais de calquera nacionalidade

3.- DATA LÍMITE

28/08/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

O concurso convida a mulleres artistas á creación de obras que expresen un posicionamento fronte á subyugación da muller e os dereitos dos pobos acordes coa Nai Terra. O tema da convocatoria é Resonancia en Acción

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<https://es.scribd.com/doc/312171589/CONVOCATORIA-COMUARTE>

Mural artístico en honra de Lina Morgan no Metro da Latina

Luns, 04 Xullo 2016 10:04

1- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Metromadrid

2- DESTINATARIOS

A convocatoria esta aberta para que artistas, deseñadores, fotógrafos e calquera persoa vinculada ás belas artes presente a súa proposta de mural.

3- DATA LÍMITE

1 de Setembro de 2016

4- MÁIS INFORMACIÓN

A Comunidad de Madrid concedeu en 2015, a título póstumo, a Medalla Internacional das Artes da Comunidad de Madrid a María dos Ángeles López Segovia, coñecida artisticamente como Lina Morgan. Por este motivo, ábrese agora unha convocatoria para o deseño e a realización dun mural artístico en honra da figura da actriz na estación de Metro da Latina, próxima ao histórico teatro que impulsou e rexentou. O gañador recibirá a cantidade de 5.000 euros e o seu deseño producirase e instalará na estación da Latina antes de finalizar o ano.

5- FONTE, PÁXINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<https://www.metromadrid.es/es/comunicacion/prensa/2016/Xuño/noticia08.html>

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PÚBLICO

Profesorado do Conservatorio Profesional de Música e da Escola Municipal de Música de Arzúa

Mercres, 29 Xuño 2016 09:51

O Concello de Arzúa necesita contratar *oito profesores/as* para prestaren servizos no Conservatorio de Música e na Escola Municipal de Música de Arzúa, durante o curso lectivo 2016/17, nas seguintes especialidades: guitarra, percusión, piano, tuba/trombón, trompa/trompeta, contrabaixo/violonchelo, violín/viola e saxofón.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 12 de xullo de 2016.

Máis información no DOG do 29 de xuño de 2016

Convocadas prazas de especialista medicina interna e técnico de laboratorio en Castela e León.

Mercres, 29 Xuño 2016 11:17

A Consellería de Sanidade de Castela e León, convoca estas prazas 29 (licenciado especialista en medicina interna) e 28 de técnico superior de laboratorio. Máis información: <http://bocyl.jcyl.es/boletin.do?fechaBoletin=29/06/2016>

Convocadas prazas de auxiliar de enfermería e de enfermeira en Castela e León.

Mercres, 29 Xuño 2016 11:19

A Consellería de Sanidade de Castela e León, convoca estas prazas 30 (auxiliar enfermería) e 10 de (enfermeiro/a), polo sistema de concurso-oposición. Máis información: <http://bocyl.jcyl.es/boletin.do?fechaBoletin=29/06/2016>

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 19 de xullo. Máis información: <http://bocyl.jcyl.es/boletin.do?fechaBoletin=29/06/2016>

Informador/a turístico no Concello de Cedeira

Xoves, 30 Xuño 2016 07:04

O Concello de Cedeira necesita contratar *un/ha informador/a turístico*.

Requisitos: título de Técnico superior en guía, información e asistencia turística, Técnico en empresas e actividades turísticas, Grado ou diplomado en turismo ou equivalente homologado, Grado ou licenciatura en historia do arte, Grado ou licenciatura en humanidades.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 20 de xullo de 2016.

Máis información no BOP da Coruña do 30 de xuño de 2016

Persoal contra incendios na Laracha

Xoves, 30 Xuño 2016 07:10

O Concello da Laracha está a elaborar unha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal de dúas brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais cos postos de *xefe de brigada*, *peón de brigada condutor* e *peón de brigada*.
O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 6 de xullo de 2016.

Máis información no BOP da Coruña do 30 de xuño de 2016

Animador/a cultural en Monfero

Xoves, 30 Xuño 2016 07:13

O Concello de Monfero necesita contratar un/ha animador/a cultural.
Requisitos: Técnico en animación socio cultural ou Diplomado/a en educación social.
O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 10 de xullo de 2016.

Máis información no BOP da Coruña do 30 de xuño de 2016

Arquitectos para o Concello da Coruña

Xoves, 30 Xuño 2016 07:16

A Deputación da Coruña está a elaborar listas de contratación nos seguintes postos:
Arquitecto
Arquitecto Técnico
O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 19 de xullo de 2016.
Máis información no BOP da Coruña do 29 de xuño de 2016

Auxiliares de policía local en Betanzos

Xoves, 30 Xuño 2016 07:22

O Concello de Betanzos necesita cubrir 4 prazas de auxiliares de policía local.
Requisitos: Ter unha altura mínima de 1,65 m os homes e 1,60 m as mulleres.
O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 9 de xullo de 2016.
Máis información no BOP da Coruña do 28 de xuño de 2016

Auxiliares de axuda no fogar para o Concello da Bola

Xoves, 30 Xuño 2016 07:28

O Concello da Bola convoca unha bolsa de emprego de auxiliares para o servizo de axuda no fogar.
O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 5 de xullo de 2016.
Máis información no BOP de Ourense do 30 de xuño de 2016.

Xuiz de Paz titular en Mondariz

Xoves, 30 Xuño 2016 07:40

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuiz/a de paz titular do concello de Mondariz.
Os requisitos para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.
Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.
O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 14 de xullo de 2016.
Máis información no BOP de Pontevedra do 30 de xuño de 2016.

Persoal de limpeza e socorristas para o Concello de Cervo

Xoves, 30 Xuño 2016 07:46

O Concello de Cervo necesita contratar o seguinte persoal:

cinco peóns para a limpeza viaria
tres socorristas para a piscina municipal

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 9 de xullo de 2016.
Máis información no BOP de Lugo do 29 de xuño de 2016.

71 prazas de persoal docente e investigador contratado na USC

Venres, 01 Xullo 2016 10:05

A USC convoca 71 prazas de persoal docente e investigador contratado
Solicitudes: <http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado/prazasabertas/solicitudes.html>
O prazo para presentar solicitudes estrá aberto ata o 19 de xullo de 2016
Máis información no DOG do 1 de xullo de 2016 e en <http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado>

Persoal contra incendios en Toén

Venres, 01 Xullo 2016 10:29

O Concello de Toén necesita contratar o seguinte persoal:

1 xefe/a e 4 peóns da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 6 de xullo de 2016

Máis información no BOP de Ourense do 1 de xullo de 2016 e en <http://concellodetoen.sedelectronica.es>

Persoal contra incendios en Sandiás

Venres, 01 Xullo 2016 10:34

O Concello de Sandiás necesita contratar o seguinte persoal:

8 Traballadores como peóns de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais con disposición de condución.

2 Traballadores como xefes de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

O prazo para presentar solicitudes esatrá aberto ata o 6 de xullo de 2016

Máis información no BOP de Ourense do 1 de xullo de 2016

Persoal para a Feira do Viño do Rosal

Venres, 01 Xullo 2016 10:37

O Concello do Rosal necesita cubrir *tres prazas de persoal laboral temporal* para a realización de tarefas de información xeral e venda de cataviños durante os tres días en que se desenvolve a Feira do Viño do Rosal, a xornada completa.

O prazo para presentar solicitudes esatrá aberto ata o 6 de xullo de 2016

Máis información no BOP de Pontevedra do 1 de xullo de 2016

Condutores de vehículo motobomba en Becerreá

Venres, 01 Xullo 2016 10:52

O Concello de Becerreá necesita contratar dous condutores/as de vehículo motobomba.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 6 de xullo de 2016

Máis información no BOP de Lugo do 1 de xullo de 2016

Operarios conductores do vehículo motobomba do Concello de Paradela

Venres, 01 Xullo 2016 11:13

O Concello de Paradela necesita contratar 3 Operarios conductores do vehículo motobomba do Concello de Paradela

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 11 de xullo de 2016

Máis información no BOP de Lugo do 1 de xullo de 2016 e en www.paradela.es

Educadores/as infantís no Concello do Vicedo

Venres, 01 Xullo 2016 11:16

O Concello do Vicedo necesita contratar dous educadores infantís.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 10 de xullo de 2016

Máis información no BOP de Lugo do 1 de xullo de 2016

Xuíz de Paz en Irixoa

Luns, 04 Xullo 2016 12:29

O Concello de Irixoa fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz/a de paz substituto/a

Os requisitos para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 21 de xullo de 2016.

Máis información no BOP da Coruña do 4 de xullo de 2016.

Bolsa de traballo de auxiliares de axuda no fogar en Moeche

Luns, 04 Xullo 2016 12:32

O Concello de Moeche está a elaborar unha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como auxiliares de axuda no fogar.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 19 de xullo de 2016.

Máis información no BOP da Coruña do 4 de xullo de 2016.

Xuíz de Paz en Baralla

Luns, 04 Xullo 2016 12:38

O concello de Baralla fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz/a de paz substituto/a. Os requisitos para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento. Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos. O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 21 de xullo de 2016. Máis información no BOP de Lugo do 4 de xullo de 2016.

Persoal contra incendios nas Nogais

Luns, 04 Xullo 2016 12:42

O Concello das Nogais necesita contratar o seguinte persoal:

*dous xefes de brigada de incendios
dous peóns forestais conductores
seis peóns forestais*

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 8 de xullo de 2016. Máis información no BOP da Coruña do 2 de xullo de 2016.

Persoal contra incendios forestais en Baltar

Martes, 05 Xullo 2016 13:40

O Concello de Baltar necesita contratar o seguinte persoal:

*2 xefes de brigada
2 peóns condutor
6 peóns forestais*

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 11 de xullo de 2016. Máis información no BOP de Ourense do 5 de xullo de 2016

Persoal contra incendios forestais en Baños de Molgas

Martes, 05 Xullo 2016 13:41

O Concello de Baños de Molgas necesita contratar o seguinte persoal:

*1 xefe de brigada
1 peón condutor
3 peóns*

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 11 de xullo de 2016. Máis información no BOP de Ourense do 5 de xullo de 2016

Persoal contra incendios forestais en Calvos de Randín

Martes, 05 Xullo 2016 13:43

O Concello de Calvos de Randín necesita contratar o seguinte persoal:

*seis peóns forestais
dous peóns conductores forestais
dous xefes de brigada forestais
tres conductores de coches-bomba de incendios.*

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 8 de xullo de 2016. Máis información no BOP de Ourense do 5 de xullo de 2016

Persoal contra incendios forestais en Manzaneda

Martes, 05 Xullo 2016 13:45

O Concello de Manzaneda necesita contratar o seguinte persoal:

tres postos de chofer do vehículo motobomba

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 12 de xullo de 2016. Máis información no BOP de Ourense do 5 de xullo de 2016

Persoal contra incendios forestais na Merca

Martes, 05 Xullo 2016 13:46

O Concello da Merca necesita contratar o seguinte persoal:

- 1 praza de capataz de incendios forestais
- 1 praza de peón-condutor de incendios forestais
- 3 praza de peóns forestais

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 12 de xullo de 2016.
Máis información no BOP de Ourense do 5 de xullo de 2016

Persoal contra incendios forestais no Páramo

Martes, 05 Xullo 2016 13:49

O Concello do Páramo necesita contratar o seguinte persoal:

- 1 Xefe de brigada
- 1 Peón condutor
- 4 Peóns de brigada

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 15 de xullo de 2016.
Máis información no BOP de Lugo do 5 de xullo de 2016

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Solicitude de visado para traballar durante un ano en Australia

Martes, 28 Xuño 2016 06:48

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Secretaría Xeral de Inmigración e Emigración do Ministerio de Emprego e Seguridade Social

2.- DESTINATARIOS

novos españois

3.- DATA LÍMITE

a partir do 1 de xullo

4.- PÁXINA WEB

www.empleo.gob.es/es/sede_electronica_menu/

http://www.seap.minhap.gob.es/es/ministerio/delegaciones_gobierno/delegacion.html

5.- MÁIS INFORMACIÓN

A partir do próximo 1 de xullo, os mozos españois poden solicitar un visado para traballar durante un ano en Australia. A carta de apoio solicitada polas autoridades australianas para a solicitude do visado work and holiday visa (subclass 462), e emitida pola Secretaría Xeral de Inmigración e Emigración do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, pode ser tramitada das seguintes formas:

1. Mediante representante legal debidamente acreditado (portador de toda a documentación requirida). Habrá que indica o título en base ao cal se ostenta a representación.

2. Por medio de procedemento electrónico a través da Sede electrónica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social na web:

www.empleo.gob.es/es/sede_electronica_menu/

Os interesados deberán dispoñer para iso de ferramenta de firma dixital (DNI electrónico ou certificado dixital) e deberán achegar escaneada a documentación acreditativa do requisito relativo aos estudos realizados.

3. Aqueles españois que residan no estranxeiro, poderán solicitar a carta de apoio a través da Embaixada ou Consulado que lle corresponda por domicilio..

As seccións de Emprego das Delegacións e Subdelegacións do Goberno

http://www.seap.minhap.gob.es/es/ministerio/delegaciones_gobierno/delegacion.html,

sitas en todas as capitais de provincia, expedirán a carta de apoio aos cidadáns españois que desexen participar no programa e cumplan os requisitos.

Esta carta é unha condición necesaria, pero non garante por si mesma a obtención do visado, cuxa decisión corresponde ás autoridades australianas.

Docente de "Taller de busca activa de emprego"

Mercos, 29 Xuño 2016 07:22

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1971/docente-de-taller-de-busca-activa-de-empleo>

Cociñeiro/a para Verín

Mercres, 29 Xuño 2016 07:34

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1970/cocineiroa-para-verin>

Administrativo/a para o Sector do Transporte en Catoira

Xoves, 30 Xuño 2016 07:27

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1972/administrativa-para-o-sector-do-transporte>

URXE montador/a de mobles en Santiago

Xoves, 30 Xuño 2016 07:28

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1973/urxe-montadora-de-mobles>

Físico-Químico para laboratorio escolar en Santiago

Xoves, 30 Xuño 2016 07:29

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1974/fisico-quimico-para-laboratorio-escolar>

Biólogo, Forestal, Agrónomo ou equivalente para horta escolar en Santiago

Xoves, 30 Xuño 2016 07:29

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1975/biologo-forestal-agronomo-ou-equivalente-para-horto-escolar>

Grao ou Licenciado en Filoloxía para ámbito escolar en Santiago

Xoves, 30 Xuño 2016 07:30

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1976/grao-ou-licenciado-en-filoloxia-para-ambito-escolar>

Ofertas Servizo Público de Emprego 01/07/2016

Xoves, 30 Xuño 2016 11:08

Nº de oferta: 12/2016/5815

Data: 01/07/2016

Posto ofertado: **asistentes domiciliarios**

Localidade: Sanxenxo (Pontevedra)

Requisitos: necesitanse asistentes domiciliarios. Necesario certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria de axuda a domicilio.

Nº de oferta: 12/2016/5905

Data: 01/07/2016

Posto ofertado: **vernizadores-lacadores de mobles e/ou artesanía de madeira**

Localidade: Bergondo (A Coruña)

Requisitos: vernizador/a (oficial de 1ª ou 2ª) para Bergondo. Experiencia mínima de 18 meses.

Nº de oferta: 12/2016/5915

Data: 01/07/2016

Posto ofertado: **secretarios/as, en xeral**

Localidade: Santiago de Compostela (A Coruña)

Requisitos: necesitanse secretarios/as con 36 meses de experiencia para a zona de Santiago de Compostela.

Nº de oferta: 12/2016/6021

Data: 01/07/2016

Posto ofertado: **empregados/as de fogar**

Localidade: Ourense

Requisitos: Empregado/a fogar. Xornada parcial mañás (luns a venres), tarefas fogar e coidado de bebé.

Nº de oferta: 12/2016/6090

Data: 01/07/2016

Posto ofertado: **matriceros/as-moldistas de metais**

Localidade: Barakaldo (Bizkaia)

Requisitos: necesitanse: matriceros/as-moldistas de metais, técnicos/as en matricería e moldes, forxadores-estampadores en prensa (metais) e operadores de máquina estampadora (metais) oficiais de primeira, segunda e terceira con experiencia. A empresa está ubicada en Barakaldo (Bizkaia). Ofrecen contrato indefinido.

Máis información no tfono 012 e na páxina web:

<http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/bolones/ofertasEmpleo/>

Departamento comercial DANONE

Venres, 01 Xullo 2016 07:48

Número de postos ofertados:
Luns, 20 de xuño de 2016
Datos da oferta
Requisitos:
Grao/licenciatura (preferiblemente en ADE, Económicas ou similar)
Vocación comercial
Nivel alto de inglés
Mobilidade xeográfica
Contacto:
As persoas interesadas poden enviar o seu CV a:
danone@saleshunters.com

Consultor Tecnolóxico JR

Venres, 01 Xullo 2016 07:50

Número de postos ofertados: 10
Luns, 20 de xuño de 2016
Empresa
Empresa: Management Solutions
Localidade de traballo: Madrid/Barcelona/Bilbao
Datos da oferta
Requisitos:
Grao, Licenciatura ou Diplomatura
Condições laborais:
• Contrato indefinido
• Xornada laboral: de luns a xoves: 9:00 - 19:00h.. Venres: 8:00 - 15:00h.
Contacto
Contacto:
Interesados/as enviar CV a:
jaime.pizarro@msspain.com

Xestor de Activación HEINEKEN

Venres, 01 Xullo 2016 07:53

Número de postos ofertados: 5
Xoves, 23 de xuño de 2016
Datos da oferta
Requisitos:
• Licenciatura/Grao

• Vocación comercial
• Nivel alto de inglés (B2)
• Mobilidade xeográfica
Contacto:
Interesados/as enviar CV a:
elretoheineken@saleshunters.com

Enxeñeiro/a Electromecánico en Santiago

Luns, 04 Xullo 2016 06:23

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1977/enxeñeiroa-electromecanico>

Persoal Técnico de mantemento en Santiago

Luns, 04 Xullo 2016 06:24

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1978/persoal-tecnico-de-mantemento>

Persoal mantemento gas/electricidade en Santiago

Luns, 04 Xullo 2016 06:25

Máis información: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas/1979/persoal-mantemento-gaselectricidade>

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX

OMIX

Excursión ó parque acuático de Cerceda do Concello de Vilanova de Arousa

Martes, 28 Xuño 2016 11:11

Excursión ó Aquapark de Cerceda o día 7 de xullo de 2016.

O concello de Vilanova de Arousa, dentro das actividades que ten programadas para a época estival ven de organizar unha excursión ó Aquapark de Cerceda.

Todos os menores de 18 anos teñen que ir con un adulto responsable.

Os prezos inclúen autocar e entrada. A comida é por conta dos participantes.

É necesario anotarse. Para facelo ou para máis información poden acudir á OMIX do concello sita provisionalmente na aula Cemit, detrás do concello ó lado da oficina da ORAL, chamar ó teléfono 986554845, ou por mail en omix@vilanovadearousa.com

AXENDA XUVENIL DE VERÁN BAIONA 2016

Xoves, 30 Xuño 2016 12:12

AXENDA XUVENIL DE VERÁN BAIONA 2016.

Non te quedas sen facer nada este verán!!

A Concellería de Xuventude do Concello de Baiona, a través da OMIX, organiza varias actividades dirixidas á mocidade para este verán.

- 5,7,12,14,19 e 21 de Xullo
Obradoiro de Batucada. Batú-Maná.
Parque da Palma, de 20 a 22h.

- 9 Xullo
EXCURSION AO AQUAPARK DE CERCEDA.
Parque da Palma, de 20 a 22 h.

- 18-20 Xullo
O MUNDO NO PRATO
Curso de Cocina para mozos

- 17 Agosto
XORNADA DE CULTURA URBANA (graffiti, cellograffiti, breakdance)
Paseo Ribeira de 18:30 a 21:30h

- 23 Agosto
BAIONA NO CAMIÑO. Tramo baionés de 9,2 km do Camiño portugués da Costa.

- 30 Setembro
X CERTAME FOTOGRAFICO "VIAXANDO"
Premio: unha Tablet.

-9 de Xullo.
Excursión ao Aquapark de Cerceda.
Pasa todo o día disfrutando dos tobogán aquáticos.
Prezo: 7,5 €, 12€ ou 15€ en función da idade dos participantes.

- Do 18 ao 28 de Xullo.

Curso de Cocina Intemacional "O mundo no prato".

Centro Sociocomunitario de Baiona, en horario de 10 A 13:30 H.

Gratuito. Preferencia: mozos e mozas de 14 a 30 anos.

Deputación de Pontevedra , programa DepoRuarte. Gratuito.

-17 de Agosto.

Xornada de Cultura Urbana; Exhición de Cellograffiti e obradoiros de Graffiti e Breakdance.

Paseo Ribeira de 18:30 a 21:30 h.

Gratuito.

- 23 de Agosto.

Ruta guiada do tramo Baionés do Camiño Portugués da Costa (9,7 KMS.).Saída ás 9:30h.

Gratuito.

- Ata o 30 de setembro.

X Certamen Fotográfico Viaxando.

Premio: unha Tablet. Mozos e mozas de 12 a 35 anos.

Presentación de fotografías nas OMIX do Baixo Miño e Espazo Xove de Tui.

Mais información e inscricións na OMIX do Concello de Baiona, ou no teléfono 986 385 925.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado



xuventude.net